



# As almas do Purgatorio

Antonio Fraguas Fraguas



## 1.- Acadar unha boa alma

Moitas veces son «as almiñas do Purgatorio», porque o afecto ten unha gran importancia nas almas con relación ao trato que reciben e os favores que dispensan os humanos.

O concepto popular da alma non ten grandes complicacións, é sempre unha figura humana, é a figura de cada un, a que no individuo, en cada un de nós, imprime movemento, mostra a vitalidade de xeito constante; é o espírito que vai en todo o corpo, guía movementos e pon calor nas verbas. Quen mostre unha maneira de ser de porfía da lentitude sen ser ocasionada por traballo que o fatigue e fale como obrigado sen razón fisiolóxica que o obrigue, dise que é un corpo sen alma ou parece un corpo sen alma. A alma móstranos así a maneira de ser dunha persoa, non é só máquina de vida, soamente como tal máquina, é o desenvolvemento de toda a vida no amplo senso de proxección do pensamento na creación e na actuación; por iso un pode ser cualificado de «unha alma mala», «alma de verdugo» ou é «unha boa alma», é «alma xenerosa».

Ten sempre sentido de permanencia, non está nin por etapas de desenvolvemento nin por situación especial da vida; nace con un, vive con un e sobrevive na hora da morte, sinalada con estas verbas: «deu a alma a Deus e o corpo á terra fría».

O nacemento require preocupacións específicas de protección, hai que procurar que sexa unha boa fada a que acompañe sempre o recentemente nacido e por iso no primeiro baño, que por ser primeiro leva certo misterio a auga; era costume facer algún prego,

sendo o máis corrente: «boas augas te laven e boas fadas te faden». A fórmula vai encamiñada máis ca nada ao desenvolvemento do pensamento, porque é ben sabido que a riqueza se pedía dándolle a chupar unha moeda de ouro ou de prata.

Hai que buscar defensas para que non sufra inquedanzas: o anxo da garda, o Neno Xesús, a Virxe en moitas das súas advocacións, algún santo e poida que non falte unha figa, e unha bulsiña cun rescrito. Máis tarde será un crucifixo ou unha medalla e un escapulario.

## 2.- O axexo do inimigo

O gran conquistador das almas é o demo, buscando atraelas por medio de insinuantes tentacións; por iso cando alguén que ía por bo camiño e comeza a choutar por penedas metidas entre toxeias, case sempre ten esta explicación: «foi o demo» ou «seica o viu o demo».

Contra a tentación do demo hai as oracións especiais: a principal é a que ten como padriño o Noso Señor Xesús Cristo:

Jesucristo é meu parente,  
que me pon a cruz na frente,  
pra que me o demo non tente  
nin de noite nin de día,  
nin no fin da miña vida.  
Coa gracia de Dios e da Virxen María,  
cun Padre Nuestro e unha Ave María

Hai tamén variantes de San Vicente:

San Vicente, meu parente,  
fíxome unha cruz na frente  
pra que o demo non me tente  
nin de día nin de noite  
nin a min nin á miña xente

Ademais do demo hai outros que poden molestar a alma, como é o home rabecho, que ten un xenio que nos pon medo:

San Vicente, meu parente,  
fíxome unha cruz na fronte;  
que non me encontre co demo  
nin co homiño rabecho  
nin de día nin de noite.  
Ai Xesús, Ave María!

### 3.- A procura do ceo

A crenza na duración da alma máis ca o corpo vai sostida cun xuízo que ten lugar no momento da morte. Nun panteón do camposanto de Augasantas de Cotobade (Pontevedra) podían lerse estes versos:

Ante un Dios omnipotente,  
Cristianos, seréis juzgados;  
y después de vuestra muerte  
escombros seréis y gusanos.

Por iso a morte está rodeada dun gran misterio e os crentes procuran axudar a conseguir a conquista do ceo. Hai que administralle os Sacramentos. En Galicia foi sempre unha manifestación solemne o levar o Viático a un enfermo. Tocaba a campá, cun toque moi longo e moi xuntas as baladas; toque dunha soa campá, a grande, a de sonoridade máis profunda; dicían: pica a Sacramentos. Os veciños xuntábanse na igrexa levando un canuto dunha vela que case sempre era a do Xoves Santo. Reunida a xente, o sancristán sacaba para o presbiterio o farol, un farol especial grande, de dúas velas, que acendía; collía a campaiña e dáballe a un rapaz. Se ademais de sancristán era campaneiro, puña o farol ao coidado dun home e el subía ao campanario.

O crego, revestido de sobrepeliz e estola, cun ben bordado portasagrario pendurado sobre do peito, ía ao Sagrario, abría a porta e recollía a sagrada forma, que gardaba na caixa de prata dourada por dentro; pasábaa á fermosa bolsa e comezaba a tocar a campaiña o seu portador. A xente, os veciños do enfermo, acesas as velas, come-

zaban a saír procesionalmente. Repenican as campás con solemne gravidade e, quen escoite campá ou campaiña, reza unha oración, que podía ser esta:

Sale el Señor de su casa  
vestido de carne humana;  
va visitar al enfermo  
que está maldito en la cama.  
Dios lle dea memoria e entendemento  
pra recibir o Santísimo Sacramento.

Ou tamén:

Aí vai Noso Señor  
vestido de carne humana,  
vai visitar un enfermo ;  
que está moi malo na cama:  
Dios lle abra os sentidos  
e acompañe a súa alma.

Polo camiño íase rezando sen deixar de tocar a campaiña nin a campá. Chegado á casa do enfermo, entraba o crego e o do farol; case sempre entraban tamén os que alumeaban. Se por casualidade algunha muller non tivo tempo de coller a vela e saíu á casa do enfermo, procura coller no canuto dunha que tiña outra persoa.

O crego lía as correspondentes fórmulas conforme ao Ritual Romano e, cando daba a comunión, a oración dicía claramente que era o Viático:

Recibe, irmán, o Viático do Corpo de Noso Señor Xesús Cristo, que te defenda do maligno inimigo e te leve á vida eterna.

Cando lle puñan tamén a Unción, dicíase que estaba «despachado deste mundo». O recibir o Viático chámase tamén recibir «os Divinos», pola denominación xeral de «Divinos auxilios».

#### 4.- A Visión coma premonición

Ao redor da morte hai a Visión e a Santa Compañía; en certas localidades lucenses, quizais por influencia asturiana, chámasele a Santa Compañía; ademais coñécese cos nomes de Estadea ou Estadeíña.

A Visión ten unhas cantas variantes e é a premonición máis segura. A máis completa é a que ve o enterro algún tempo antes de morrer. Veo nun lugar determinado é destaca unha nota que vale como comprobante. Na parroquia de Rebordelo unha muller asegura que ía ocorrer unha defunción e que, cando rezasen un responso na encrucillada, pasaría unha muller por diante da caixa do morto, e collería na cestiña da roupa o libro do ritual para rezar a oración o cura acompañante. A persoa a quen llo dixo, puxo en dúbida que ocorrese semellante cousa, porque o cura era home que sabía de memoria o Ritual. Pois ocorreu o que dixera a visionaria.

En Loureiro de Cotobade, Camilo o Guitarro, campaneiro, san-cristán e enterrador, anunciou un domingo e día de festa que ía ocorrer unha defunción que levaría caixa branca e recibiría sepultura na banda de riba da igrexa; ao día seguinte morreu unha nena que non padecía doenza de ningunha clase, levou caixa branca e foi enterrada, como dicía, no panteón familiar na parte sinalada. O mesmo Camilo sinalou dúas mortes que ocorreron nas obras da estrada que por aquel entón se estaba construíndo por alí.

Vicente Risco cita varios casos de videntes, como son Lázaro de Esperanza, de Entrimo, que a xente dicía que fora membro da Santa Compañía; un mozo de Xinzo de Limia que, pasando unha noite por diante da casa dunha señora, viu unha luz tan forte que lle feriu a vista; axiña descubriu moita xente, uns curas que o día seguinte foron no enterro, e incluso viu a señora na caixa, a quen recoñeceu perfectamente. Seguramente sacaban da casa a defunta na caixa destapada, que era unha maneira de expoñer o cadáver á xente que vai no acompañamento. Isto é a Visión, vista por aquelas persoas a quen lle puxeron no bautismo o óleo dos defuntos; esta é a razón máis común, inda que se poidan dar outras.

## 5.- Unha peculiar procesión

Explicado o que é a Visión, vexamos agora a Santa Compañía, Santa Compañía, Estadea, Estadeña. O nome de *estadea* cren que pode vir de estatua, pola rixidez cadavérica.

A Santa Compañía é unha procesión formada por vivos e por mortos da que hai moitas definicións. A condesa de Pardo Bazán titula así un dos seus contos, e a vella Cometerra explícalle aos seus netos o que é a Compañía: «unha lexión de mortos que, deixando as súas sepulturas, levando cadaquén na descarnada man un cirio, cruzan as montañas alá ao lonxe visibles só pola vaga brancura dos sudarios e polo esbrancuxado reflexo do cirio desfalecente».

Para Carré Aldao é unha reunión das almas do Purgatorio: «ás doce da noite saen en procesión pola porta principal da igrexa levando moitas luces e deixando un cheiro a cera. A quen encontran, obríganos a ir diante coa Cruz e o caldeiro de auga bendita. Soamente se libra deste cometido se atopa outro e lle fai entrega antes de que poida facer o círculo».

Nós recollemos xa hai moitos anos a versión que temos dado varias veces. A Santa Compañía está formada por almas, pero de homes vivos, polo menos por cinco, que son os indispensables; cada un ten o seu cometido: un leva a cruz e outro leva o estandarte; o terceiro, o caldeiro da auga bendita; o cuarto, a lanterna, o farol para acompañar o Viático, e o quinto, a campaiña. A estes súmanse outros que levan cirios acesos, pero son ósos de defuntos que non hai aire que os apague. Cando pasa a Compañía debe atopar a todos os camiñantes coas mans cerradas e incluso é mellor levar un anaco de pan na man.

A Santa Compañía pode convidar a un con comida na mesa posta á beira do camiño. Ninguén debe aceptar semellante convite pois, de comer algo de tal mesa, axiña se vai para o outro mundo. A quen lle metan na man un cirio, queda comprometido para toda a vida. Só se poden liberar os que teñen o caldeiro da auga bendita e o do farol, sempre que llo poidan colgar ao pescozo a un can. Contáronme o caso dun canciño ao que o seu dono lle puxera un

axóuxere e oíase pasar pola parroquia adiante todas as noites: o toque indicaba o paso procesional.

O primeiro que forma parte na procesión, é o que leva a Cruz, que a vai buscar á igrexa, e logo vai chamando polos compañeiros. Se o que leva o caldeiro ou o farol, sempre que teñan medio de colgarllo ao pescozo, esperan o paso da Compañía e no mesmo momento de pasar empúxase o can e córrase moi axiña a porta, e, correndo, ten que meterse nunha hucha chea de millo miúdo e cerrar a tapa. En Santiso de Lalín unha familia tiña un can e colgáranlle un caldeiriño. Todas as noites, e sempre á mesma hora, o can daba fortes ladridos e abríanlle para que fixese o recorrido. Un día o can ladrou, ouveou e aínda volveu a ladrar, pero ninguén lle abriu a porta e o can, ao ver que non podía saír, caeu morto.

En Roo din que o paso da Santa Compañía se sente e se coñece ben porque se oe rezar, e vense as luces. Para que non leven a un, hai que facer algo especial, inda que ben sinxelo: consiste en facer un círculo na terra e meterse dentro.

O can é animal moi importante nas premonicións, pois o seu ladrar ouveando tense por sinal de morte. A fidelidade do can co seu dono morto é extraordinaria. Castelao fai un comentario aceptando a enorme lealdade do animal co seu dono: debuxa unha sepultura e o can deitado sobre a lousa. Castelao pon coma indicador de semellante fidelidade, ao pe, o que di un sapo: «Inda hai cans, inda hai cans...».

É bastante frecuente saber doutros nomes con que se coñece a Compañía. Nicolás Fort Roldán descríbela co nome de Visita ou Estadea.

Procesión de visións formada polos espíritos dos que foron e dos que inda viven. Surxen os primeiros do cemiterio, despois das nove da noite; a primeira alma leva unha cruz; a segunda, o escano ou caixón das ánimas; as demais, unhas un ataúde e as demais, fachos de cera; unhas veces caladiñas, outras salmodiando, buscando os veciños vivos, alongan o paseo cando os vivos mudaron de casa e inda embarcan nunha buceta para cruzar a ría de Ferrol. O espírito do predestinado, avisado por uns golpiños cara ás dez da noite, sae

polo burato da pechadura ou pola porta e acompaña os defuntos mentres segue descansando o seu corpo e roncando na cama. Se non acode ao aviso, sácano á forza do leito e danlle no campo tal malleira, que morre ás poucas horas. Así percorren lugares e parroquias ata que rompe o día, en que se van ás sepulturas e atópanse os vivos empoleirados nunha árbore, nun tellado ou no borde dun barranco, empuñando o facho transfórmano en óso.

É curiosa a variante, sobre todo no remate en que semella que hai un paso da Santa Compañía a un xogo de bruxas. Nós non atopamos ningunha referencia a semellante desenlace na hora da madrugada. Tamén a forma de chamar para acudir á formación e a malleira con que son castigados os que non fan caso ás chamadas, castigo que non empregan noutros lugares, inda que algunha vez os mortos dean unhas boas labazadas, como sinalamos que as deu un morto chamado «guapo de las medias blancas» cando por el chamaron.

Polo xeral, levan á morte por un engano, pondo mesa para que coma, e logo lévano ao camposanto e alí xa vai para a cova, inda que polo xeral van tan ben defendidos que sempre vencen os desexos do morto.

## 6.- Outras denominacións

Don Juan Cuveiro Piñol no seu *Diccionario Gallego* chámalle tamén *hueste* –hoste– e fai a seguinte descrición: «Compañía, entre o vulgo, crida hoste ou procesión de bruxas que andan de noite alumeadas con ósos de mortos, chamando ás portas, para que as acompañen, os que desexan que morran axiña; cunha porción de disparates a cada cal máis absurdo e misterioso, que non son outra cousa senón fogos fatuos que se ven moitas noites en sitios pantanosos e abrigados ou nos cemiterios, ou exhalacións fosforescentes que saen de tales lugares».

Confirma a idea un tanto rara de Cuveiro un exemplo citado por Risco: un rapaz que viña de noite por un camiño, observou que detrás del viñan dúas ringleiras de mulleres, todas con velas acesas. El arredouse para un lado, deixounas pasar e ollou que a que viña



detrás era coxa, e colleulle a vela. Quedou cheo de medo e ao día seguinte foi falar co crego, que lle dixo que fose cun bastón ao mesmo sitio, que á mesma hora volverían a pasar; ao rematar a pasaxe, despois de lle dar a vela á mesma coxa, tiña que facer co bastón un círculo e dentro unha cruz, «pois aquelas mulleres eran bruxas e han de tratar de despedazarte e comerte». Pasaron as bruxas e rodeárono, pero, como tiña a cruz, non lle puideron facer nada. Curioso caso de antropofaxia recollido en Caneda (Monforte de Lemos) no que tamén se confunden as bruxas, a Santa Compañía e algunha lenda de mouros dalgún castro.

Unha rara denominación é a de antaruxada, coa que se coñece en Lalín e polos arredores de Carballiño. Así explicaron nunha resposta a Don Vicente Risco:

A antaruxada consiste en que, antes de morrer ou de suceder unha desgraza, existen sinais do que vai pasar. Non sei se é o demo –segue o informante– quen exerce esta misión, se son almas perdidas que non poden entrar no ceo nin no inferno (así din os emigrantes que contan na Habana), se son os anxos do ceo, almas boas enviadas por El-Señor. Vense diferentes cousas, entre elas: unhas veces vese saír o ataúde da casa do individuo acompañado do cura, persoas, etc. Outras veces óese chorar e coñécese quen chora porque se lle comprenden as verbas. Outras veces vese pasar o Santísimo Sacramento e óese a campaña da igrexa e vense as luces que a acompañan. Outras veces óese a doce música do Ceo (cando o neno a ha de levar). Din que hai moitos cans, persoas, etc., que andan coa antaruxada.

Conta o mesmo informante que un señor lle dicía a unha veciña que se chamaban por ela, cando estivese na cama, respondese preguntando: «Quen é?». Porque el responderá: «Mande», e mandárono erguer e obrigárono a ir cun home que non soubo por onde o levará. Este enrevesado proceder chámase unha *fadaire* ou *fadairo*, que, segundo os mesmos informantes, non é nada, é aire.

En Castro Dozón explican que «existen os antaruxados, que andan de noite e anuncian a próxima morte dunha persoa». O nome ten moitos significados, sempre con ton despectivo, coma se se aplicase á Santa Compañía burlándose da súa existencia e a verba

fose un dito que cualificase doadamente semellante cousa. Inda lle dan os dicionarios outro significado pexorativo: bruxa que lle bica o cu ao demo.

Rosalía valora a Santa Compañía pola impresión que debe de causar o seu encontro e sinala o medo que pasaría a dona que moi lixeira anda buscando o que non debe polo camiño, e o primeiro perigo está en que non leva o pan para defenderse da Santa Compañía:

En noite tan tempestuosa  
quen vos meteu tal desexo?  
Enlamigarse así a rosa!  
E no meu corazón leo  
que non levas pan no seo.  
E se atopas a «compañía»?,  
e se vos sae a «estadea»?  
Se con falas vos engaña  
e vos pon mantel e cea  
mentres troa e lostreguea?

Aínda volverá a usar o misterioso grupo para mostrar que pasou e non a levou no seu andar de camiño, e lese no pensamento da poeta que podería ser mellor que a levase e non andase os pasos que lle trastornarían a vida:

Adiós... adiós, dama hermosa!  
Darvos a tan malos modos!  
Non vos levou a compañía  
mais o nemigo levouvos.

Tanto a Visión coma a Santa Compañía teñen o seu horario noitébrego, pero algunha vez poden ser vistas polo día; pero vistas soamente por moi poucas persoas; mais temos recollida unha información que di como un vidente lle permitiu ver a unha compañeira que tiña á súa beira. Mandouna descalzar e que puxese o pe dereito sobre do pe esquerdo dela; fixo o que lle mandaba e logrou ver a invisible procesión.

Por ser as velas os ósos dos defuntos, tamén recibiu o nome de «Sociedade do Óso»; a misteriosa agrupación así era coñecida en Verán».

## 7.- Sinais e ritos

Canto levamos dito, mostra os avisos que ten a xente, sen contar a pregunta ó cuco: «Cuco Rei, cantos anos vivirei?» As veces que cante serán os anos: é a resposta dun paxaro. Tamén os cirios do catafalco, se se apaga algún ou ten moi pouca labarada e queda totalmente amorriñada, ese é sinal de morte para o lado da luz minguada.

Hai pouco, en Loureiro de Cotobade, un señor de toda solvencia explicoume que el e outros da súa familia estiveran vendo unha luz durante varios días nun punto do cemiterio ata que morreu un veciño e inda familiar; despois da morte non volveron a vela: é o que moitos chaman a «veliña». Sempre hai que recordar que a vela é símbolo da vida. Cando morre alguén, din que se lle apagou a vela.

Dos moitos casos de ver a unha persoa que está lonxe, citaremos o recollido en Lira. Unha señora chamada María Símil Rico conta que a súa avoa deixara os nenos sos na casa porque ela fora a unha misión a outra parroquia. Estaba casada cun carabineiro que, co afán de boas ganancias, marchara para América e traballaba de enfermeiro nun hospital de Buenos Aires. Ao quedaren sos os nenos, asustáronse porque viron que «por un furado da porta da casíña metía un brazo un home que tiña galóns de cabo de carabineiro».

O maior dos irmáns dicíalles aos pequenos que non chorasen porque era un compañeiro del. Cearon, pecharon a porta e levaron a chave para riba, e pola mañá encontraron a porta aberta. Cando lle deron o recado á nai, ela dixo que, se fora así, era que lle morrera o home. Ao cabo de trinta días, que era o que tardaba a carta de Buenos Aires, chegou a noticia de que no hospital morrera o carabineiro, o mesmo día que os rapaces viran a man.

En moitos casos, cando se dan conta da agonía, acéndese a vela de Xoves Santo ou da Candeloria e pónselle ao lado ou na mesma man, costume moi antigo, como pode verse nos vellos romances. Así relata o romance que conta o triste fin de Fernando IV o Emprazado:

Antes de los treinta días  
malo está el Rey Don Fernando,  
el cuerpo cara a oriente  
y la candela en la mano:  
así falleció su alteza  
de esta manera citado.

Parece que non foi así como morreu: esta forma é invención do poeta; o rei finou por castigo de Deus, «*inesperadamente en guisa que ningunos lo vieron morir*».

O crego ou calquera persoa le a Ledaíña dos Santos e as demais oracións da recomendación da alma. Ao morrer, péchanlle os ollos e en moitos lugares botan unhas areas de sal ao redor da cama para esconxurar o demo, lavan o cadáver e amortállano, vestíndolle o mellor traxe; nalgúns lugares ten que ser novo, sen estrear, e non ten que levar alfinetes nin corchetes nin lazos malos de desfacer. Tamén con hábito de San Francisco ou do Carme.

Para que non se deforme, átaselle un pano por debaixo do queixo á cabeza e pónenlle encima, sen ser vistos, unhas tesouras, unha peza de aceiro, un prato con sal e un peite. As tesouras, para que non se propague a gangrena; o aceiro, para que non inche; o sal, para escoorrentar o demo, e o peite forma parte dun ritual funerario moi antigo.

Dende hai algún tempo vai sendo suprimida a gritería do pranto ría casa e no acompañamento.

## 8.- Preocupación polo destino

Con arreglo ás crenzas máis xerais, a morte separou a alma do corpo. A alma vai á outra vida en tres sitios no outro mundo: o Ceo, o Purgatorio e o Inferno.

O Ceo é mansión de Gloria con Deus e na compañía dos santos e benaventurados; o Purgatorio é o lugar de espera e o Inferno é o do sufrimento eterno nas caldeiras de Pedro Botello.

Hai unha fonda preocupación polos puntos de destino e a preocupación trata de conseguir medios para a conquista do bo camiño para chegar axiña á Gloria; e o remedio mellor son as oracións e, principalmente, as misas. Non se perde a familiaridade coa morte: os finados están preto de nós e aténdennos nos nosos apuros, son os nosos defensores.

Na tradición da pasaxe perdurou durante moito tempo un curioso costume en San Salvador de Marín, no concello de Lovios (Ourense), onde había que cruzar o Limia en barca e, cando se levaba un cadáver, en chegando á beira do río e unha vez colocado o cadáver na barca, o parente máis próximo ou o encargado de presidir o cortexo fúnebre, «collía un pedazo de pan cocido e colocábo sobre do peito do defunto, dicindo con gravidade e compostura: para pasar o Xordán», continuando a marcha para a igrexa despois de tan misteriosas palabras; costume interesante que recolleu Barros Sibelo e que desapareceu xa hai tempo.

Outra nota curiosa é mostrar as ansias de permanencia no mundo cando se enterra unha persoa moza; a derradeira porción de camiño que hai para a igrexa faise cunha especie de danza, dando tres pasos para adiante e un para atrás; costume que foi desaparecendo despois da guerra civil. Hai que ter en conta que os mortos ían primeiro no cadaleito, tamén chamado escano, despois na caixa levada por catro homes, logo na «camilla» e agora no coche fúnebre.

Para asegurar o perdón, son sempre aplicadas misas. O arcebispo de Santiago Don Alfonso de Fonseca deixa coma mandato no seu testamento que se digan trinta mil misas, que se tiñan que celebrar en Toledo, Salamanca e Santiago, ademais das que se terán de dicir en tanto o seu corpo estea insepulto. Ninguén chegaría a semellante cantidade, pero dende antigo aparecen doazóns a determinadas igrexas e mosteiros, sempre pensando na salvación da súa alma.

Sirvan de exemplo as doazóns do século XIII que se poden ver na colección de *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI* de Andrés Martínez Salazar. Pero poderíamos escribir miles e miles de folios ata chegar ás gregorianas dos nosos días. No momento de ocorrer un falecemento, «facía sinal» a campá con carreiras, tres ou catro, segundo sexa muller ou home. Os mortos tiñan o funeral, o enterro, honras de sétimo día, que xa hai tempo desaparecieron, e cabodano. Durante un ano a familia do morto, a muller máis achegada da familia, ía todos os domingos para cerca do presbiterio, onde tiñan unha vela, e o crego rezaba o responso de *recorderis*, ou cantábaos; e ao finar a lista dos que había, cada un tiña a súa vela, o crego daba a bicar a estola ás mulleres que ían ofrecer. Había ademais a ofrenda no mesmo día do enterro ou no primeiro domingo despois do enterro. Na ofrenda daban responsos familiares, veciños e amigos.

Cando se enterraban nas sepulturas, en moitos sitios os asistentes botaban cadanseu puñado de terra, fórmula que nos parece moi antiga, na que se basean os milladoiros, que están sempre onde ocorreu algunha morte, dos que coñecemos dous casos recentes, un en Cuspedriños de Cotobade e outro en Santo André de Teixido.

## 9.- Comunicaci3ns desde o al3n

As almas veñen moitas veces á casa en persoa, pero sempre veñen cunha misi3n, axudar a un traballo. En Armeses dicían que morrera un home e aos tres días ou catro de enterrado veu axudar a dous netiños que xuntaban pitelos nun cesto. Os nenos dixeron á súa nai que viñera o av3 axudarlles e a nai preguntoulles como viña vestido e deron a descri3n do h3bito: «cunha cousa que relumaba no pescozo», que era o broche do h3bito.

Noutro caso 3 unha nai que v3n arreglar dúas neniñas, as súas fillas, en tanto o pai vai traballar. As nenas dicían sempre que era unha muller que as peiteaba, e un día o home escondeuse para ver quen era e, cando viu a muller, quixo agradecerllo; ent3n ela dixo que non podía volver. Chegaremos polo menos á semellanza co mito de Orfeo.

Outras veces veñen porque non poden conseguir a paz, inda que sexa no Inferno. Estes son case sempre mozos que, vestidos de hábito, non poden entrar no Inferno e veñen pedir axuda, queren que lles rachen o hábito. Temos referido algúns casos nos que o defunto pide o favor e, despois de consultalo co crego, este dálle unha estola e un crucifixo, e o mozo leva unha fouce. Discute ata saber quen é, para liberalo. E, seguindo instrucións do cura e do mesmo interesado, ponse na dirección do vento e ráchalle o hábito. Entón ábrese un tremendo buraco polo que se afunde o morto, ao mesmo tempo que sae unha fumareda con cheirume de xofre.

Outra vez veñen en grupo, coma cando veu un matrimonio que morrera envelenado. Fala a muller: «Eu estou en bo lugar, pero o meu home condenouse porque hai tempo tiña pensado matarse, e agora, se fala, bota lume pola boca».

Pode ser unha sombra a que veña na procura dalgunha atención. Cóntase o sucedido dunha muller que morreu e non deixou dito onde estaban os cartos que lle mandara o seu irmán para que llelos gardase. O irmán notou que o seguía unha sombra que lle «daba grima» mirar para ela. Ante a constancia, un tío crego díxolle que fose ao camposanto, Foi cos brazos en cruz e oíu o paso das almas e preguntou:

—¿E vén aí dona Mariquita?

—Non, vén máis detrás.

Despois de moitas preguntas con igual resposta, veu dona Mariquita e falou o seguinte:

— Os cartos están na trabe. Eu estou no inferno e non podo ver a cara a Noso Señor; pero dille ao señor tío que, como non deixe de marmular e non cambie de vida, ten aquí unha cama agardando por el.

O cantigueiro ten a cántiga na que se sinala o mesmo trato para calquera murmurador.

Moitas veces escóitanse golpes ou nótanse pasos; entón xa se sabe que precisa algún sufraxio, como pode ser algunha misa, que, unha vez celebrada, desaparecen golpes, ruxido de cadeas, pasos e outras manifestacións.

## 12.- O requirimento dos mortos

Algunha vez hai que requirilo para saber que precisa. A presenza do defunto faise notoria por algo anormal que causa certo calafrío. Lamas Carvajal describe ese medo que causa o pensar na posible aparición dun morto e como a fantasía impón un sufrimento, e, para saír del, aplícase a fórmula mellor. Conta o poeta a viaxe que fixo de Santiago á Ulla Nicolao do Fresnedal.

Nicolao ía para a casa e anoiteceulle no camiño; fixo parte do recorrido con outros veciños, pero eran de diferentes lugares e deixárono só. Xa se oía o toque de oración nos campanarios de varias parroquias e, a bo paso, chegou diante da porta da igrexa e alí pasou o medo maior da xornada: «Unha man branca dende a porta da parroquial, movéndose, acenáballe quizais para que se achegase onda ela». O medo apoderouse de Nicolao. «Intentou fuxir e viu que as pernas non lle rexían: quixo berrar e faltoulle a fala. Xa perdidíño, sacando forzas de fraqueza, con voz que asemellaba saírle das gorxas, exclamou: ‘Alma en pena, viva ou morta, a nome de Dios requírote para que me digas o que queres, o que pides, o que reclamas de min, se che fose de servicio nesta vida para te sacar das penas que padeces na outra polos teus pecados’ ». Non tivo resposta e seguiu acenando, fixo segundo requirimento, e o mesmo abanear sen responder: podía ser xordo e a xordeira complicaría as cousas; menos mal que acertou a pasar un veciño co que marchou para a casa. A man do morto non era máis ca un anuncio comunicándolle a perda dunha xuvenca.

A fórmula de requirir era máis sinxela: «En nome de Dios, de San Pedro e de San Pablo, se es alma do outro mundo, fala e di o que pides».

Entre as formas para requirir algo, figura vir en forma de paxaro. Un relato menciona o sucedido a un home que durante varios días tivo un corvo laiando nas pólas dun piñeiro preto da casa. Canso de



tanto oír, un día pegoulle un tiro e o corvo caeu, pero non morreu: quedou batendo no chan e croando. Así estivo tres días con tres noites, e, pensando que era «cousa de outro mundo», foi xunto do crego e indicoulle que o requirise. Así o fixo e tratábase dunha alma que viña a penar algúns pecados.

As almas válese dos animais para moitas manifestacións: a máis especial é a raposa de «morrazo» ou de «murillas», como se chama en terras padronesas; é un animal fantástico que dá uns laídos sorprendentes e no momento de laiar bota bafaradas de lume pola boca. Cando se ve, hai que dicirlle: «Dios te leve a porto salvo». En Portugal hai a «zorra berradora» ou de «odelouca», que vén cada sete anos. O nome vénlle do val de Odeloca.

## 11.- Recursos a prol das ánimas

Acoden á mente as crenzas das viaxes a Santo Andrés de Teixido, que, segundo a sentenza popular, «vai de morto quen non foi de vivo». A razón apóiase na crenza de que Noso Señor lle indicou a Santo André o lugar onde debía quedar, e ao santo non lle gustaba semellante sitio. Entón Noso Señor díxolle: «Queda aquí, André, que de vivos ou de mortos todos te virán ver».

Lévase isto de tal xeito que, se unha persoa quería face-la romaxe e non a fixo, a familia cumpre este desexo do morto; viaxe da que aínda hai un ano nos contaron un feito por aqueles días.

Elíxese o día e búscase un asento no auto, e na véspera váiselle dicir ao camposanto: “Fulano, mañá imos á San Andrés». Ó día seguinte van dous ou máis da familia ao cemiterio e chaman: «Fulano, ven, que imos a San Andrés». Fan a viaxe sen que ninguén se sente no lugar reservado para o morto. Se se cambia de auto, díselles: «Fulano, baixa que temos que cambiar de coche». Cando chegan a San Andrés, volven a falarlle: «Xa chegamos»; van á igrexa como se o tivesen vivo e, despois de rezar, oír misa e demais devocións, van xantar e levan a ración do defunto, que a come un pobre, que sempre aparece cerca do santuario. Volven avisar ao invisible acompañante para facer a viaxe de volta. Cando chegan á parroquia, lévano ao cemiterio e despídense do morto como se estivese vivo. Os

que fixeran semellante viaxe tiveron todo o día destapado o nicho, a porta aberta como se non estivese ninguén na casa.

Para todo o de Santo André de Teixido, ver a obra de Rafael Usero.

Da vida e viaxe polos camiños do mundo hai moi fondas tradicións: as almas que van a Santo André poden ir como incrustadas a un animal. Por iso non se daba morte a ningún animal que levase dirección para o santuario ou de volta del. Pero andan polas parroquias coma calquera vivo. Don Ramón Otero Pedrayo contaba que un veciño lle dixera que se lle axuntara un amigo, coñecido dos dous, que había pouco que morrera e que fora falando con el un bo pedazo de camiño ata apartar por diferente dirección. Murguía conta como na noite de Nadal o seu pai colocaba na mesa dous servizos e dúas sillas libres para as almas dos seus avós e, en todas as casas da campía deixábase o lume aceso e a mesa posta con comida sobre dos manteis. Lume e mesa eran para que as almas que pasasen puidesen quentarse e mais comer.

Na gran preocupación polo benestar conta a oración e as esmo-las para dedicarlle misas, novenas e funerais; para estas atencións están os esmoleiros, os petos e cepillos. Na igrexa hai sempre unha representación das almas, metidas no lume de medio corpo para baixo: están formando un pequeno retábulo ou nunha esfera que vai sobre dunha bandexa e no medio hai un crucifixo cravado, que nas procesións era levado por un veciño.

Os cepillos eran para percorrer a igrexa, os domingos e días festivos, antes de rematar a misa, pregando: «Devotos das benditas almas!»; «¡Ánimas benditas e San Antonio!», dicíase en varias parroquias.

Ademais había e aínda hai as esmolos en especie: pan, uñas de porco, ovos, leite, queixo, un polo, unha pita: todo isto subástase á saída da misa e remátase ao maior postor, coas voces «a la una, a las dos e a las tres, que bo proveito lle faga». Nos adros hai un sitio, a pedra das almas, onde se poñen as ofrendas que poxa un home, que pode ser o sancristán. Hai, ademais do cepillo, táboas especiais, pintadas, coa representación dunha alma penando ou sen ela, pero cun letreiro que di: «Se saca ánima».

En toda Galicia hai nos camiños, en moitas bases de cruceiros, en muros que dan a moitas bases de cruceiros, en muros que dan a un cruce ou formando pequenos templetes, instalados cerca das igrexas e nos campos das feiras. Sirva de modelo o que aínda se conserva no campo da antiga feira de Famelga de Cotobade: é de moi boa cantería e está formado por un pequeno pórtico de dúas columnas e un oratorio con representación do lugar dos tormentos nas labradas e os santos protectores: a Virxe do Carmo, San Francisco e Santo Antonio. Na espera de redimir a pena están representados un bispo, un crego e cinco persoas do mundo. Ten, ademais, todas as indicacións: o autor, a correspondente advertencia ao que o lea, un prego a quen pase, unha promesa de axuda unha vez no ceo.

Cofradías, petos, esmoleiros mostran a devoción que se tivo e inda se ten ás ánimas, ás que se lles pide axuda para espertar á hora, para ter sorte na feira, nunha viaxe ou en calquera asunto preocupante da familia, como saúde, colocación, etc. Acaba de aparecer a interesante obra de Yolanda Barriocanal López: *Arte popular. Los petos de ánimas*, que comprende a provincia de Ourense. Ten abundante bibliografía.

Durante moito tempo a maior parte dos pobres que pedían polas aldeas, rezaban polos defuntos da casa, o mesmo ca os pobres que estaban nos camiños das romarías, que pedían «pola almiña dos seus defuntos».

As campás tocaban sempre para rezar á Virxe e polas almas e houbo un tempo en que nas rúas de Compostela andaba o Coquis tocando unha campaiña ó dar o toque de oración e, parándose en determinadas esquinas das rúas, dicía: «Bendito y alabado sea el Santísimo Sacramento y la Pura Concepción de la Virgen María, concebida sin mancha de pecado original por siempre jamás. Un Padrenuestro y Ave María por las Ánimas del Purgatorio. Un Padrenuestro por el alma de Don Alonso de Fonseca, bienhechor de la ciudad. Cuidado con el fuego». Non foi sempre a mesma fórmula, había algún engadido pedindo un *Padrenuestro* polos que están en pecado mortal, pero tamén houbo quen non pedía máis ca por Don Alonso de Fonseca.

No mes de Santos rezábase o Rosario de Defuntos e facíase a Novena. Usábase un folleto titulado «Método para rezar el Santo

Rosario de Difuntos en sufragio de las benditas almas del Purgatorio en general; en particular por nuestras obligaciones y especialmente de las más abandonadas. Publicado de orden de la Ilustre Junta de Gobierno de la Real Cofradía de Ánimas de Compostela».

## 12.- Outras curiosidades

Había o costume de lembrar as almas do Purgatorio cando se fería alguén ou se queimaba; tirando os rachóns no lume, dicía: «Vaia polas almiñas do Purgatorio», ou «Vaia polas benditas almas do Purgatorio».

Hai na literatura popular varios relatos relacionados coas ánimas. Contan que unha moza moi fermosa que paseaba no mundo cunha tremenda vaidade, foi penar os seus pecados ao Purgatorio. Un día concedéuselle a gracia de saír, pero tiña que ser collida a unha folla ou porreta de cebola que penduraba da man da Virxe do Carmo. No momento de saír, abrazáronse a ela unhas cantas compañeiras, e a vaidosa, como quería saír soa, sacudiuse para que caesen as que formaban o acio, pero, como o costrán era moi fráxil, rompeu e volveu para onde estaba.

Outro relato refire o medio de asustar a un que ía aos nabos pola noite. Foron cubertos con sabas brancas os donos da leira e, ao mesmo tempo que sacudían os nabos, dicían:

Somos almas do outro mundo  
que venimos y marchamos  
y de nabos nos mantenemos.  
E ti alma condenada que vas na dianteira  
agárrate a Nicolás, que está metido na silveira.

Nin que dicir ten que Nicolás non foi apañar máis nabos pola noite ás leiras dos veciños.

O misterio das ánimas ten inda o seu respecto, inda por medo, pero ademais o dar un polo por un favor recibido pode ter unha razón máis fonda. Murguía conta como nas parroquias da ría da

Coruña ofrecen pola alma dos antepasados o primeiro polo dunha deitada; noutros lados ofrecíanlle ás almas un polo, ou unha pita, se ían arriba todos, é dicir, se se criaban. Lembremos que entre os cregos ofrecían algún galo a Esculapio. Sócrates facía esas promesas, que recorda nas derradeiras verbas: «Non esquezas que debemos un galo a Esculapio». Aínda pode lembrarse o refrán e pensamento de que «cando o galo canta a deshora, o seu dono venta na cova».

Creemos que xa desapareceu a mostra do banquete fúnebre que, suprimido por reais disposicións, inda chegou aos nosos días o convite de pan e viño que se daba aos que ían ao enterro, e a peza de pan de trigo, chamada o carolo, que se daba aos rapaces e aos pobres, se viñan pedir. Inda lembramos un enterro onde os rapaces foron obsequiados co carolo.

Galicia é un Fisterra e, como rematan os camiños, aquí veñen áa ánimas de Asturias e de Portugal e inda doutros lugares, que tamén recoñecen o camiño das almas que leva rumbo do sol ou das estrelas, da Vía Láctea, que puñan o seu remate en Teixido.

Os mortos seguen vivindo entre nós e por iso, cando se conta dun finado algunha cousa brusca da súa vida, atállase seguidamente: «que non se ofenda con esto», fórmula moi semellante á que se coñece en Portugal.

E, coma unha chamada perenne, os versos de Cabanillas que conteñen a sempre viva emoción da campía na hora solemne do atardecer:

Ás ánimas tocan.  
A xente labrega,  
que á paz dos casares  
retorna da veiga,  
detense, e a fronte ao chan inclinada  
persínase e reza.

**Antonio Fraguas Fraguas**